



BANDEIRA AZUL

A Bandeira Azul é un galardón ambiental concedido a aqueles municipios que realizan un especial esforzo na xestión do ámbito litoral das súas augas interiores e/ou das súas praias, dun modo respectuoso co medio e a natureza. Para obter a Bandeira Azul, a comunidade local e as súas praias teñen que cumprir unha serie de criterios, que fan referencia á calidade das augas de baño, a información e educación ambiental, a seguridade e os servizos e instalacións.

Este esforzo da comunidade local asegúralle poder visitar coa súa familia ámbitos limpos e seguros no litoral, así como contar con probas de que o Concello de Ribadeo mantén bases para un desenvolvemento sostible.

A Bandeira Azul foi creada e é concedida pola FEE (Fundación para a Educación Ambiental), entidade privada constituída e representada por unha Organización Non Gubernamental ambiental en cada un dos 40 Estados participantes.

- A Bandeira Azul é un galardón á calidade ambiental de praias e portos.
- Unicamente as autoridades locais poden solicitar a Bandeira Azul para as súas praias.
- A Campaña promove a participación e cooperación en iniciativas ambientais voluntarias, por parte da cidadanía local e visitante e dos distintos axentes implicados no sector do turismo e no do medio ambiente.
- A Bandeira Azul para praias cobre principalmente 4 áreas principais:
 - 1) calidade das augas de baño;
 - 2) información e educación ambiental;
 - 3) xestión ambiental;
 - 4) seguridade, servizos e instalacións.
- Os criterios da Campaña van evolucionando e facéndose progresivamente máis esixentes, de modo que os municipios participantes na Campaña non decaian no seu esforzo para resolver aqueles problemas ambientais máis relevantes relacionados coa obtención da Bandeira Azul.
- A concesión da Bandeira Azul realízase cada ano e só é válida, en tanto se cumpran os criterios esixidos. Se estes deixan de cumprirse, os responsables da praia a nivel local están obrigados a arriar a Bandeira.
- Cada organización nacional membro da FEE, en España ADEAC, inspecciona en verán as localizacións con Bandeira Azul. A Coordinación Internacional, á súa vez, realiza visitas de control a unha mostra das praias galardoadas.

Vd. pode cooperar tamén activamente co Programa Bandeira Azul adoptando as seguintes medidas de protección do medio:

- Utilice as papeleiras e colectores dispostos na praia ou porto e asegúrese de separar, no posible, por exemplo, o vidro o papel e os plásticos.
- Utilice o transporte público, vaia a pé ou utilice a bicicleta propia ou alugada, para ir á praia ou ao porto.
- Respecte as instrucións de seguridade e os códigos de conduta na praia e/ou no seu ámbito.
- Goce da natureza na praia, no porto ou no seu ámbito, pero trátea con respecto.
- Limite o uso da auga e de electricidade durante a súa estancia: sexa consciente de como utiliza os recursos naturais.
- Escolla un lugar de vacacións onde se coide o medio e, se é posible, escolla tamén un hotel onde a xestión dos servizos se realice de forma respectuosa con este.

Código de conduta nas praias

- 1.- *Prohibido circular con vehículos a motor pola area*
- 2.- *Prohibido acampar*
- 3.- *Prohibido facer lume*
- 4.- *Prohibido acceso a animais domésticos (excepto no caso de cans guía)*
- 5.- *Prohibido uso deterxentes na ducha*
- 6.- *Prohibido o varado de embarcacións*
- 7.- *Prohibido tirarse de cabeza ao auga*
- 8.- *Prohibido deixar residuos na area*
- 9.- *Facer un uso adecuado dos servizos da praia*